

ADAPTACIÓN PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA CURSO 2019/2020

CENTRO: IES LEIRAS PULPEIRO. LUGO

CURSO: 4º ESO

MATERIA: CIENCIAS APLICADAS Á ACTIVIDADE PROFESIONAL

DEPARTAMENTO: FÍSICA E QUÍMICA

DATA: 12 MAIO DE 2020

ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.

NOTAS:

Os códigos dos criterios de avaliación, correspóndense cos especificados no Decreto do 25 xuño de 2015, que establece o currículo da ESO e BAC en Galicia.

Os estándares de aprendizaxe sinalados en verde corresponde os impartidos de xeito presencial ata o 13 marzo.

Os estándares de aprendizaxe sinalados en vermello poderán ser impartidos de forma telemática no 3º trimestre, aínda que serán obxecto de plans de recuperación e adaptación do currículo para o comenzo do curso 2020-21.

Criterio de avaliación	Estándares de aprendizaxe
	1ª AVALIACIÓN
	BLOQUE 1: TÉCNICAS INSTRUMENTAIS BÁSICAS
B1.1	CAAB1.1.1. Determina o tipo de instrumental de laboratorio necesario segundo o tipo de traballo que vaia realizar.
B1.2	CAAB1.2.1. Recoñece e cumpre as normas de seguridade e hixiene que rexen nos traballos de laboratorio
B1.3	CAAB1.3.1.Recolle e relaciona datos obtidos por diversos medios, incluídas as tecnoloxías da información e da comunicación, para transferir información de carácter científico
B1.4	CAAB1.4.1.Determina e identifica medidas de volume, masa ou temperatura utilizando ensaios de tipo físico ou químico
B1.5	CAAB1.5.1.Decide que tipo de estratexia práctica cómpre aplicar para a preparación dunha disolución concreta.
B1.6	CAAB1.6.1.Establece que tipo de técnicas de separación e purificación de substancias se debe utilizar nalgún caso concreto.
B1.7	CAAB1.7.1. Discrimina que tipos de alimentos conteñen diferentes biomoléculas.
B1.8	CAAB1.8.1.Describe técnicas e determina o instrumental axeitado para os procesos cotiáns de desinfección.
B1.9	CAAB1.9.1. Resolve acerca de medidas de desinfección de materiais de uso cotián en distintos tipos de industrias ou de medios profesionais.
B1.10	CAAB1.10.1.Relaciona procedementos instrumentais coa súa aplicación no campo industrial ou no de servizos
	2ª AVALIACIÓN
	BLOQUE 2 : A APLICACIÓN DA CIENCIA NA CONSERVACIÓN AMBIENTAL
B2.1	CAAB2.1.1.Utiliza o concepto de contaminación aplicado a casos concretos.
B2.2	CAAB2.2.1.Discrimina os tipos de contaminación da atmosfera, a súa orixe e os seus efectos.
	CAAB2.2.2.Categoriza, recoñece e distíngueos efectos ambientais da contaminación atmosférica mais coñecidos, como a chuvia ácida, o efecto invernadoiro, a destrución da capa de ozono ou o cambio global a nivel climático, e valora os seus efectos negativos para o equilibrio do planeta.
B2.3	CAAB2.3.1.Relaciona os efectos contaminantes da actividade industrial e agrícola sobre o solo
B2.4	CAAB2.4.1. Discrimina e identificaos axentes contaminantes da auga, coñece o seu tratamento e diseña algún ensaio sinxelo de laboratorio para a súa detección

B.2.5	CAAB2.5.1. Establece en que consiste a contaminación nuclear, analiza a xestión dos residuos nucleares e argumenta sobre os factores a favor e en contra do uso da enerxía nuclear.
B.2.6	CAAB2.6.1. Recoñece e distingue os efectos da contaminación radioactiva sobre o ambiente e a vida en xeral.
B.2.7	CAAB2.7.1. Determina os procesos de tratamento de residuos e valora criticamente a súa recollida selectiva
B.2.8	CAAB2.8.1. Argumenta os pros e os contras da recollida, da reciclaxe e da reutilización de residuos
B.2.10	CAAB2.10.1. Identifica e describe o concepto de desenvolvemento sustentable, e enumera posibles solucións ao problema da degradación ambiental
Criterio de avaliación	Estándares de aprendizaxe
3ª AVALIACIÓN	
BLOQUE 3: INVESTIGACIÓN, DESENVOLVEMENTO E INNOVACIÓN (I+D+i)	
B3.1	CAAB3.1.1. Relaciona os conceptos de investigación, desenvolvemento e innovación. Contrasta as tres etapas do ciclo I+D+i.
B3.2	CAAB3.2.1. Recoñece tipos de innovación de produtos baseada na utilización de novos materiais, novas tecnoloxías, etc., que xorden para dar resposta a novas necesidades da sociedade
	CAAB3.2.2. Enumera os organismos e as administracións que fomentan a I+D+i a nivel estatal e autonómico
B3.3	CAAB3.3.2. Enumera algunhas liñas de I+D+i actuais para as industrias químicas, farmacéuticas, alimentarias e enerxéticas.
BLOQUE 4: PROXECTO DE INVESTIGACIÓN	
B4.1	CAAB4.1.1. Integra e aplica as destrezas propias dos métodos da ciencia
B4.2	CAAB4.2.1. Utiliza argumentos que xustifiquen as hipóteses que propón
B4.4	CAAB4.4.1. Participa, valora e respecta o traballo individual e en grupo
B4.5	CAAB4.5.1. Deseña pequenos traballos de investigación sobre un tema de interese científico-tecnolóxico ou relativo a animais e/ou plantas, os ecosistemas do seu contorno ou a alimentación e a nutrición humanas, para a súa presentación e defensa na aula.
	CAAB4.5.2. Expresa con precisión e coherencia as conclusións das súas investigacións, tanto verbalmente como por escrito

2. Avaliación e cualificación

Avaliación	<p>Recuperación da 2ª avaliación suspensa. As actividades de recuperación, faranse sempre en beneficio do alumnado, sen prexudicarlles a nota media que ten das dúas primeiras avaliacións. Así mesmo a avaliación realizárase sobre os estándares de aprendizaxe indicados na programación adaptada.. Para a recuperación da 2ª avaliación estableceuse o seguinte:</p> <p>CAAP 4º ESO: A recuperación da 2ª avaliación realizárase coa valoración dos boletíns de repaso da 2ª avaliación (REC).</p> <p>Para aqueles alumnos que realizan recuperación, a nota final da avaliación (N.AV) obterase facendo unha media ponderada, na que contribúe cun 80% a nota dos boletíns de recuperación (REC) e un 20% a nota da avaliación suspensa correspondente (A.S)</p> $N.AV = 0,8.REC + 0,2. (A.S)$ <p>Se a nota resultante da media ponderada anterior sae menor que 5 puntos, e a nota da recuperación (REC) é maior ou igual a 5 puntos, a nota da avaliación (N.AV) será 5.</p>
-------------------	---

Tendo en conta que, segundo as instrucións do 27 abril de 2020, as actividades realizadas na fase non presencial só poderán ter valor positivo para a cualificación do alumnado, entón , se unha vez realizado os boletíns de repaso e recuperación (REC), obtense ao final unha nota de avaliación (N.AV.) que é inferior á obtida na avaliación suspensa correspondente (A.S), manterase esta última como nota de avaliación.

Alumnos que queren subir nota. O alumno que queira subir nota e faga os boletíns de repaso da 2ª obterá a nota final da avaliación (N.AV) facendo unha media ponderada, na que contribúe cun 80% a nota dos boletíns de recuperación/repaso (SN) e un 20% a nota da avaliación correspondente (Z).

$$N.AV = 0,8.SN + 0,2. (Z)$$

Tendo en conta que, segundo as instrucións do 27 abril de 2020, as actividades realizadas na fase non presencial só poderán ter valor positivo para a cualificación do alumnado, entón , se unha vez realizado os boletíns de repaso e recuperación (SN), obtense ao final unha nota de avaliación (N.AV.) que é inferior á obtida na avaliación correspondente (Z), manterase esta última como nota de avaliación.

Cualificación 3ª avaliación. A 3ª avaliación, realizarase coa valoración dos boletíns e traballos de ampliación.

Avaliación final. Realizarán exercicios de recuperación aqueles alumnos que teñan suspensa a recuperación da 1ª e/ou 2ª avaliación, sempre que a media aritmética de ambas sexa inferior a 5.

Unha vez feito os exercicios das avaliacións suspensas correspondentes, se a nota destes exercicios está aprobada a nota final será un 5. En caso contrario, estará suspenso. En caso de facer exercicios de recuperación da 1ª e 2ª avaliación suspensas, farase a media aritmética: se a media da aprobado, a nota final será un 5 e, en caso contrario, estará suspenso.

Instrumentos: Boletíns de repaso e ampliación, actividades e traballos na aula virtual.

Cualificación final

Cualificación final. Será a maior das dúas medias seguintes:

- Nota media igual a media aritmética da nota da 1ª, 2ª e 3ª avaliacións, unha vez contabilizadas as recuperacións e/ou subir nota respectivas.
- Nota media igual a media aritmética da nota da 1ª e 2ª avaliacións, unha vez contabilizadas as recuperacións e/ou subir nota respectivas.

Aplicase a regra de redondeo: Redondearase á alza, de xeito que se a primeira nota decimal é igual ou superior a 5, engádese un punto a nota enteira.

Proba extraordinaria de setembro

Avaliación extraordinaria. Constará dunha presencial ou telemática da materia, segundo as instrucións das autoridades educativas, tendo en conta os criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe da programación adaptada do 1º e 2º trimestre.

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	Durante o 3º trimestre desenvolveranse actividades de recuperación para aqueles alumnos e alumnas que teñen algunha avaliación suspensa e actividades de repaso, reforzo e ampliación das aprendizaxes anteriores para todo o alumnado.
Metodoloxía (alumnado con e sen conectividade):	Presentación de contidos, actividades e tarefas pola aula virtual, a plataforma de videoconferencia Webex e, mediante o correo electrónico para alumnos con problemas de conectividade.
Materiais e recursos	Documentación teórica, boletíns de exercicios, simulacións online, vídeos etc.

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	Aula virtual e correo electrónico
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro, na sección do departamento de Física e Química